

GALICIA / CA INSTITUTE

Compostela Arquitectura Acconci, Curtis e Cohen; en Santiago

S. C. / SANTIAGO

Día 19/07/2011

O Instituto Compostela Arquitectura (CA Institute) inicia, por segundo ano consecutivo, o seu curso internacional de verán, que finalizará o vindeiro 5 de agosto. Un selecto grupo de estudiantes de USA, Canadá, Corea, Siria e varios países europeos participarán nas clases, talleres e visitas que conforman o curso, que pretende, fundamentalmente, ser unha reflexión sobre a cidade contemporánea a partires das presenzas da historia, en verbas dos seus organizadores.

Arquitectos de proxección internacional como Vito Acconci, William Curtis, Andrew Cohen, Patxi Mangado, Juhani Pallasmaa e Álvaro Siza participarán no curso, «cuxa presenza aquí provoca sempre un fenómeno difusor da arquitectura de Compostela, nos seus respectivos lugares de orixe», tal e como destaca nunha nota o Instituto. O Colexio de Arquitectos de Galicia colabora coa iniciativa convencido de que a cidade «debe consolidarse como un foro permanente de reflexión e debate sobre arquitectura, territorio e paisaxismo», tal e como indicou o seu decano, Jorge Duarte.

O Instituto Compostela Arquitectura é unha entidade educativa independiente con sede en Santiago de Compostela, e que conta co apoio da Universidade e o Concello da cidade. Así, o CA Institute desenvolve programas didácticos, potenciando a capital galega e o patrimonio, como un elemento fundamental na formación dun arquitecto.

A institución aproveita así Compostela como un laboratorio de arquitectura para aprender da súa excelente tradición de arquitectura histórica e contemporánea, ao tempo que invita á reflexión sobre a complexidade urbana. «Compostela é un exemplo vivo que permite aos estudiantes interactuar e aprender das experiencias arquitectónicas», apuntou o Instituto, que se centra no desenvolvemento de habilidades fundamentais para estes profesionais, como a materialidade, a tectónica, o debuxo e os modelos feitos a man.